

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 3 DE XULLO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás nove horas do día tres de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal do día 3 de xullo de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202007030700100000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal

Acceso á videoacta – 00:00:01 horas

O señor alcalde somete a votación a urxencia do asunto a tratar, tendo en conta que, tralas modificacións propostas polos técnicos municipais aos servizos xurídicos de Augas de Galicia, o texto definitivo do convenio foi remitido á Alcaldía municipal ás 16.23 horas do día de onte, e que para que o dito convenio poida ser aprobado polo órgano competente do goberno autonómico antes da finalización da lexislatura, é necesario que o acordo de aprobación do pleno municipal sexa remitido na mañá do día de hoxe á Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que integran a Corporación, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 95.2 do ROM.

2. Aprobación, se procede, do “Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre”

Acceso á videoacta – 00:00:46 horas

Vista a proposta da Alcaldía, de data 2 de xullo de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Visto que no día de hoxe se celebrou ás 13.00 horas un pleno extraordinario e urxente co fin de aprobar un “Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para a entrega de instalacións e para o mantemento e conservación do entorno do Río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre”.

Visto que o asunto quedou encol da mesa porque ás 12.34 horas, xusto antes da celebración do Pleno recibíuse no correo de Alcaldía municipal un novo borrador de Convenio por parte de Augas de Galicia onde modificaban o convenio orixinal eliminando a figura da encomenda de xestión.

Visto que este novo borrador é posterior á emisión do informe de fiscalización JUA 165/2020, polo que fai que o mesmo quede sen validez e motiva a emisión dun novo informe.

Visto que dunha primeira análise deste novo borrador, os técnicos detectaron unha serie de eivas que levaron a que se propuxera dende o concello un novo borrador de convenio para o estudo dos servizos xurídicos de Augas de Galicia.

Visto que ás 16.23 horas do día de hoxe recibíuse nesta alcaldía un correo electrónico procedente da Dirección de Augas de Galicia, ao que se achega o texto definitivo do *Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero ao seu paso polo Concello de Cambre*, no que fan unha serie de achegas á proposta remitida.

Visto o informe emitido no día de hoxe polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, xefe da sección de servizos, respecto do contido do Convenio.

Visto o informe emitido no día de hoxe pola secretaría e intervención municipais.

Tendo en conta que as actuacións comprendidas dentro deste Convenio, e que afectan ao ámbito do río Mero, considéranse, entre outras, absolutamente primordiais por parte do Goberno municipal, propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cambre para o acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do Río Mero eo seu paso polo Concello de Cambre, que consta do seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA O ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ENTORNO DO RÍO MERO AO SEU PASO POLO CONCELLO DE CAMBRE

Lugar, data

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 dos Estatutos da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobados polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E doutra parte, don Óscar A. García Patiño, alcalde do Concello de Cambre, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

De acordo cos apartados b) e d) do artigo 3.3. da citada Lei 9/2010, constitúen obxectivos medioambientais da entidade pública: previr o deterioro do estado de todas as masas de auga, superficiais, subterráneas e das zonas protexidas e, no seu caso, restauralas co obxecto de conseguir o seu bo estado ecolóxico e compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

Segundo. O Concello de Cambre exerce, entre outras, competencias de medio ambiente, reguladas no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.f) da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia atribúe aos concellos competencias medioambientais, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Terceiro. O 27.11.2002 a Consellería de Medio Ambiente, o Organismo Autónomo Augas de Galicia da Comunidade Autónoma de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente subscribiron un convenio de colaboración para a execución do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)".

A cláusula oitava deste convenio establece que "unha vez terminada a obra e recibida definitivamente, será entregada para o seu uso público á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que, a partir desde intre, farase cargo, a todos os efectos, da mesma".

O 05.07.2007 a Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente comunicou á Consellería de Medio Ambiente da Comunidade Autónoma de Galicia que o 07.06.2007 se realizou a recepción das obras obxecto do convenio de referencia, manifestando na dita comunicación que a partir da data da recepción resulta de aplicación a cláusula oitava do convenio.

O 19.05.2020 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade pública empresarial Augas de Galicia formalizaron o convenio de colaboración para o exercicio das competencias de acondicionamento, mantemento e conservación do entorno do río Mero, cuxo obxecto é que Augas de Galicia asuma as obrigas que, trala recepción das obras, lle corresponden á Consellería de Medio Ambiente segundo a cláusula oitava do Convenio para a execución do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)", asinado o 27 de novembro de 2002.

A obra do "Proxecto de Acondicionamento Hidráulico do río Mero entre a Presa de Cecebre e a súa desembocadura (A Coruña)", está parcialmente situada no Concello de Cambre, polo que tendo en conta as competencias do Concello, Augas de Galicia e o Concello de Cambre queren colaborar no mantemento e conservación da parte das referidas instalacións situadas no seu termo municipal, das que se fixo cargo para o seu uso público o 19.05.2020, por razóns de eficacia.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Cambre, respecto aos traballos de acondicionamento, mantemento e conservación no entorno do río Mero ao seu paso polo concello de Cambre.

Segunda. Actuacións a realizar

Os traballos que se poderán realizar na superficie son:

- Desbroces selectivos da vexetación de ribeira, fóra do DPH
- Retirada de especies arbóreas en mal estado o caídas, fóra do DPH.
- Reperfilado de cunetas e noiros nas zonas do paseo, fóra do DPH.
- Traballos de reparación e mantemento das motas existentes.
- Traballos de reparación e mantemento do firme existente.
- Traballos de conservación e mantemento das pasarelas existentes, logo da súa reparación por Augas de Galicia, así como os restantes pasais peonís, pasamáns, carteis e demais mobiliario urbano ou calquera outros elementos situados dentro da zona obxecto deste convenio.

Terceira. Obrigas das partes

I. Augas de Galicia obrígase a:

- a) Prestar o asesoramento técnico que, no seu caso, o concello solicite.
- b) Autorizar no seu caso, dentro das competencias de Augas de Galicia, as actuacións no Dominio Público Hidráulico (DPH) e as súas zonas de afección.
- c) Cofinanciar as actuacións descritas na cláusula anterior co importe máximo ao que fai referencia a cláusula cuarta.

II. O Concello de Cambre obrígase a:

- a) Realizar as actuacións sinaladas na cláusula segunda deste convenio no tramo do río Mero, fóra do DPH, comprendido entre a Presa de Cecebre (extremo augas arriba) e a súa desembocadura na ría do Burgo no límite co Dominio Público Marítimo Terrestre (extremo augas abaixo). Dito tramo ten unha lonxitude aproximada de 10.150 metros.
- b) Presentar un informe anual de programación de traballos a realizar. En dito informe indicárase a descrición dos traballos, a localización exacta dos mesmos (coordenadas UTM (ETRS89), a lonxitude do tramo no que se efectuaron ou efectuarán estas tarefas e unha descrición dos medios precisos para desenvolver ditos traballos. Así mesmo, acompañarase de fotos que amosen o estado inicial da zona.
Unha vez rematados os traballos enviarase anualmente, antes do 1 de decembro de cada ano, un informe final onde se recolleran tódolos aspectos anteriormente citados e fotos que amosen o estado final do tramo despois das actuacións realizadas. O Concello informará a Augas de Galicia do inicio e remate de cada unha das actuacións.

Cuarta. Réxime de Financiamento

Augas de Galicia como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade obxecto da colaboración ao Concello de Cambre, contribuirá cunha achega máxima ao Concello de cento sesenta mil euros (160.000,00 €) que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6220 "Reparación e conservación. Terreos e bens naturais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2020: 40.000,00 €
2021: 40.000,00 €
2022: 40.000,00 €
2023: 40.000,00 €

Quinta. Libramento dos fondos e réxime de xustificación

Para acreditar o cumprimento da cláusula terceira.II deste convenio, o Concello de Cambre entregará á Augas de Galicia, antes do 1 de decembro de cada ano, a seguinte documentación respecto dos gastos soportados na anualidade correspondente:

- *Xustificación do cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos: para tales efectos o concello achegará as correspondentes facturas, nas que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos, acompañada da oportuna certificación sobre as actuacións realizadas.*
- *Informe final das actuacións realizadas na anualidade correspondente, nos termos establecidos na cláusula terceira.*

En relación aos gastos executados de conformidade coa cláusula cuarta deste convenio, Augas de Galicia librará ao Concello de Cambre as cantidades que xustifiquen ter gastado para o cumprimento do obxecto deste convenio, de acordo co anteriormente establecido, cun límite máximo de corenta mil euros (40.000,00 €) anuais. No caso de menor execución, anularase o saldo sobrante do exercicio correspondente. As anteriores transferencias de fondos serán ingresadas na conta bancaria da que é titular o Concello e que facilitará para o efecto.

Sexta. Vixencia

Este convenio producirá efectos desde o día a súa sinatura.

A colaboración extenderase ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo da posibilidade de revogación por motivos de interese xeral, ou ben, previa denuncia das partes con preaviso de 3 meses, por incumprimento das obrigas respectivamente asumidas neste instrumento convencional.

Sétima. Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento do convenio integrada por dous representantes de cada parte.

A comisión asumirá as seguintes funcións:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Interpretar, en caso de dúbida, o contido deste convenio.*
- *Promover a solución de discrepancias que puideran xurdir.*

A comisión poderá ser asistida polos técnicos que se estime conveniente e ser convocada a solicitude de calquera das partes

Oitava. Modificación

Calquera modificación no contido deste convenio requirirá acordo das partes e deberá formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións exixidos para a aprobación inicial.

Novena. Extinción do convenio

Será causa de extinción automática do convenio:

- *o cumprimento do seu obxecto*
- *o transcurso do seu prazo de vixencia*

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- *o mutuo acordo entre as partes asinantes*
- *polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.*

Décima. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da

Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo primeira. Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A Presidenta de Augas de Galicia

O Alcalde do Concello de Cambre

Ethel María Vázquez Mourelle

Óscar García Patiño

Segundo: Remitir a Augas de Galicia a certificación do acordo adoptado.

Terceiro: Notificar este acordo á Intervención Municipal e ao xefe da Sección de Servizos para os efectos oportunos.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as nove horas e vinte e nove minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Óscar A. García Patiño

Verónica María Otero López